

CARLOS CASARES (OURENSE, 1941-VIGO, 2002)

«A literatura non ten por que gustarlle a todo o mundo»

La Voz publica unha entrevista inédita no décimo aniversario da súa morte

RAMÓN LOUREIRO
REDACCIÓN / LA VOZ

Esta entrevista ten dez anos. Dez anos e, apenas, uns días. Tivo lugar na casa de Carlos Casares, no lugar do Vilaríño, en Nigrán, pouco antes da súa morte. Cando nada parecía facer presaxiar o drama —a perda dun escritor especialmente querido— que fixo chorar a un país enteiro. Eran palabras destinadas a un libro de conversas que non chegou a existir. A desaparición do autor de *Os escuros soños de Clío* fixo imposible levalo adiante. E ata agora só se reproduciran nun pequeno volume, *Carlos Casares: nove retratos e unha conversa inacabada*, do que unicamente se imprimiron 600 exemplares, e en edición non venal. Pódese dicir, por tanto, que é hoxe cando se fan realmente públicas. Cunha emoción, por parte de quen isto escribe, que permanece intacta.

—¿Onde comeza a súa relación, como autor, coa literatura...? Quero dicir, ¿en que momento escribe o primeiro texto no que...?

—Na escola. Sendo un rapaciño. Un profesor mandounos facer unha redacción (primeiro tipo que explicárnos en que consistía) e díxonos que escribísemos sobre algún feito que nos tivese impresionado. Así que...

—¿Cantos anos tería, entón?

—Dez. Uns dez anos. Daquela era un neno moi tutelado. E o feito de que pouco antes me tivesen deixado ir só ao río, a unha merenda, para min foi algo como... ¡É que era unha das primeiras veces que saía só! E aquela sensación de liberdade, o estar así, á beira do río, xogando cos outros pequenos... A miña sorpresa veu cando o profesor viu o que eu escribira e comentou que lle gustara. «Vou ler unha redacción moi bonita», anunciou. Ademais, falou das metáforas, e dixo que non sei que, e que non sei canto. E iso foi coma se abrise un mundo novo diante de min. Ese día tomei conciencia de que se podía escribir ben ou mal.

—¿E cal foi o paso seguinte?

—Empezar a buscar recursos literarios. Iso fixéno nos libros



Carlos Casares, na súa casa, falando de libros e vendo marchar o sol camiño do Atlántico. RAMÓN LOUREIRO

de autores como Valle-Inclán. Lía parágrafos de Valle, ou de Camba, e reescribíalos. Mercaba moitas obras da colección Austral. E enchín varias libretas con aquelas reescrituras.

—Ou sexa, que a súa vocación de escritor...

—É que eu penso que a vocación de escritor veume máis tarde, despois de interesarme polo propiamente literario.

—Ben, pero vostede xa trata daquela de formar un estilo, de adquirir unha técnica que lle permita expresar o seu pensamento con eficacia.

—Si, intento facelo. Aínda que os que me empezaron a chamar escritor foron os outros rapaces. Esa palabra non saíu de min. ¡O compañeiro de pupitre que eu tiña, Carracedo, foi quen puxo o meu nome nunha *Historia da Literatura* que tiñamos...! [sorri].

—Tamén publicou un periódico escolar.

—Si, *El Averno*. Facíao eu todo. En papel barba. Catro páxinas, tiña. Lembro unha entrevista que lle fixen [nel] a un pobre...

—E escribiu, ademais, teatro.

—Pero iso foi despois. Daquela xa debía de ter uns quince anos. Escribín catro ou cinco pezas. E representábanse, ¿eh? [sorri de novo].

—Cando coñece a Risco xa está no instituto, ¿non?

—Si, cando o coñecín estaba eu rematando o Bacharelato. Eu presentárame ao Concurso Provincial de Contos, mandara un par deles. Comenteillo ao meu amigo Lezcano, e el, pa-

ra que non me fixese demasiadas ilusións, desanimoume, díxome que gañar era moi difícil. Así que cando se deu a coñecer o premio no instituto, eu non pensaba en min. Pero premiáronme. E Arturo levoume a coñecer a Risco, que estaba no xurado, e que fixo uns extraordinarios eloxios dos contos, o mesmo que Ferro Couselo.

—¿Que opinión lle merece a crítica literaria?

—Eu fíome, sobre todo, da opinión de tres ou catro amigos con criterio. E penso que é importante que se exerza sobre os libros unha crítica de calidade, que non xere desconfianza, porque se o lector se sente enganado, pode facerlle caso ao crítico unha segunda vez, pero á terceira non pica. A literatura non ten por que gustarlle a todo o mundo. Un pode ser considerado moi culto sen saber nada de Física, e en cambio está mal visto que un premio nobel de física confese que nunca leu *El Quijote*. A literatura é algo que en principio só lle interesa a unha minoría. E o que ten que facer un profesor é algo que se fai moi poucas veces: que os rapaces gocen lendo.

«É importante que se exerza sobre os libros unha crítica de calidade»

«O que ten que facer un profesor é que os rapaces gocen lendo»

«Tamén Cela me ten dito que a lingua galega debería ter un premio Nobel»

Casares, aquel día no que desde a súa casa, mentres se achegaba a noite, vía marchar o sol camiño do Atlántico, miraba cun fondo escepticismo iso que se deu chamar o éxito literario.

—¿Que pensa do Premio Nobel?

—O Nobel, como todos os premios, non está exento de servidumes, desas miles de arbitrariedades que se producen cando un grupo de persoas se teñen que poñer de acordo para elixir un autor.

—Torrente morreu sen el.

—Mira, Torrente coñecía a Lundkvist, e Lundkvist estaba entusiasmado coa obra de Torrente. Tanto que escribiu un artigo dunha páxina, falando del maravillosamente, nun dos principais periódicos suecos. Eu díxenlle entón a Gonzalo que en Estocolmo querían que fose dar unha conferencia na Universidade. E foi cando el me respondeu todo aquilo de que a ver se ao final lle ían dar o Nobel e, por culpa dos cartos, lle secuestraban un neto.

—Ou sexa, que Torrente non quixo pelexar (non sei se esa é a palabra máis axeitada) polo premio.

—Non quixo, non. E tiña todas as posibilidades.

—Pero faltoulle...

—Ambición. E a facilidade para as relacións públicas que outros tiveron. ¿Sabes que Cela estivo a piques de non gañar o premio? Lundkvist non vía con agrado a súa candidatura, a pesar de que tiña o respaldo das universidades americanas. Quen foi decisivo para que llo deran foi Kennu Ahlund, a quen Camilo lle chamaba don Canuto.

—¿E chegará a haber un Nobel galego... de obra en galego?

—Non é fácil.

—Cunqueiro non lle andou moi lonxe.

—Si, o seu nome soou, pero os fusilamentos ordenados por Franco no ano 75 deixárono fóra. El tiña o respaldo de Lasse Södeberg, que despois, cando o veu ver a Galicia, incluso escribiu unha cantiga de amigo. Tamén Cela me ten dito que a lingua galega debería ter un premio Nobel.

—¿E pensa que chegou a propoñerllo á Academia Sueca?

—Non. Penso que non.